XUNTA
DE GALICIA

# Aplicación MOVTIC

## Declaración de captación de semente

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

Cofinanciado pola Unión Europea

# Índice

- Onde atopar MOVTIC.
- Credenciais de acceso e autorización de uso.
- Funcionalidades dispoñibles.
- Expedición de declaracións de captación de mexilla.
    1. Bancos naturais do litoral en tempo real.
    2. Bancos naturais do litoral previa.
    3. Cordas colectoras.
- Consulta de declaracións.
    - Proceso de reparto entre bateas.
    - Anulación de declaracións.
- O carné de titular ou recolledor.
- A xestión de recolledores.
- Informe de campañas

**Promove a Dirección Xeral de PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

CETMAR
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

# Onde atopar MOVTIC

MOVTIC é unha aplicación móbil que, entre outras cousas facilita a declaración de captación de mexilla. A aplicación está dispoñible para descargar no móbil nas principais tendas de aplicacións.

Google Play

Apple Store

CAPACITAMEX

# Como acceder

Autorización de uso ↔ Autentificación para acceder a aplicación

- Persoas xurídicas
- Persoas físicas

- Información da documentación a presentar para a autorización dunha determinada persoa en [sarex.mar@xunta.gal](mailto:sarex.mar@xunta.gal)




- **Rexistro de establecementos de acuicultura** (REXEAC).

Procedemento **PE515A** de autorización de extracción de semente de mexillón polos concesionarios dos viveiros.

# Como acceder

Autorización de uso ↔ Autentificación para acceder a aplicación

**Usuario e contrasinal de MOVTIC son os mesmos que a Chave 365**

Solicitud:

- Sede electrónica a través do procedemento PR001A
- En oficinas presenciais (Centro de Saúde, rexistro Xunta...)

Máis información: [https://www.xunta.gal/chave365/](https://www.xunta.gal/chave365/)




CAPACITAMEX

# Funcionalidades

As funcionalidades dispoñibles na aplicación MOVTIC asociadas a declaración de captación de mexilla son:

- Expedir a declaración.
  - Recolla en bancos naturais do litoral.
  - Recolla de cordas colectoras
- Consultar declaracións feitas.
- Anular
- Pechar de declaración.
- Consultar o Carné de titular ou recolledor.
- Xestionar os recolledores.
- Consultar o informe de campañas.



# Bancos naturais *"En tempo real"* (I)

1. Seleccionar **EXPEDIR**




2. Seleccionar o **viveiro de destino**




3. Seleccionar **recollida en banco natural do litoral**




4. Seleccionar **EN TEMPO REAL.** (a data non se selecciona, e o día da recollida)




CAPACITAMEX

# Bancos naturais "En tempo real" (II)

5. Seleccionar **a zona da recollida**
(as habilitadas según o procedemento PE515A)




6. **Automáticamente** a aplicación vai mostrar a **data** e **procura** a localización (zona de extracción).

A posición do usuario pódese modificar.




Introducir cantidade aproximada de mexilla en kg e o transporte a utilizar.

Despois, seleccionar **EXPEDIR**

# Bancos naturais "En tempo real" (III)




- O proceso de expedición finaliza coa obtención dun **documento telemático** para dar soporte ao transito da mexilla dende a zona de recollida ata a batea de destino

- Toda a información anterior pode consultarse movendo a pantalla cara abaixo, e **descargarase** como pdf no móbil empregando a frecha superior.

CAPACITAMEX

# Bancos naturais "Previa" (I)

1. Seleccionar **EXPEDIR**




2. Seleccionar o **viveiro de destino**




3. Seleccionar **recollida en banco natural do litoral**




4. Seleccionar **PREVIA.**




CAPACITAMEX

# Bancos naturais "Previa" (II)

5. Seleccionar **o día da recollida.**
**(Temos un prazo de 7 días en adiante).**




6. **Automáticamente** a aplicación vai mostrar a **data** e **procurar** a nosa posición. Temos que modificar e indicar a zoa a que temos pensado ir recoller a mexilla




Indicar aproximadamente a cantidade de mexilla en kg

Indicar o transporte que imos empregar

e seleccionar **EXPEDIR**

# Bancos naturais "Previa" (III)




- O proceso de expedición finaliza coa obtención dun documento telemático **de carácter previo** para dar soporte ao transito da mexilla dende a zona de recollida ata a batea de destino, que **debe confirmarse** a maior brevedade posible.

- Toda a información anterior pode **consultarse** movendo a pantalla cara abaixo, e descargarase como pdf no móvil empregando a frecha superior.

CAPACITAMEX

# Peche de declaracións

1. Seleccionar **PECHE DE DECLARACIÓN**




2. Vemos as declaracións que temos **pendentes de peche** e **selecionamos** a que queremos pechar.




3. Comprobamos que os datos son correctos e prememos **PECHAR**.




4. Corriximos a localización ou a cantidade de mexilla se e necessário e selecionamos **PECHAR**




5. Créase un **documento telemático** que da soporte ao traslado de mexilla que se pode descargar.




CAPACITAMEX

# Consulta de declaracións

Esta funcionalidade nos permite acceder o contido das declaracións e permítenos descargar o documento.

1. Seleccionar **CONSULTAR**




2. Vemos un **listado** de declaracións **ordenado** da **máis recente a máis antiga. Podemos filtrar** con diferentes tipos de filtros premendo en **FILTROS.**




3. Se buscamos as declaracións con **filtro,** este pódense **eliminar** pulsando as X.




4. Tras seleccionar a declaración que estábamos a buscar, podemos **consultar** a **información** que conten e podemos **descargala**.




CAPACITAMEX

# O proceso de reparto (I)

No caso das declaracións de recolla realizadas en **bancos naturais do litoral** é posible durante os **4 días (96 horas)** posteriores á expedición reasignar as cantidades declaradas a outros establecementos do usuario.

1. Seleccionar **CONSULTAR** e **buscamos o documento** no que queremos **facer o reparto.**




2. Seleccionar **REPARTIR**




3. Seleccionar **ENGADIR**




4. Seleccionar o **establecemento de destino**



# O proceso de reparto (II)

5. Introducir a **cantidade que queremos repartir**




6. Seleccionar **REPARTIR**




7. Automáticamente anúlase a declaración inicial e xeranse dúas novas declaracións.




CAPACITAMEX

# Cordas coletoras (I)

1. Seleccionar **EXPEDIR**




2. Seleccionar o **establecemento de destino**




3. Seleccionar a **orixe da semente**




4. Seleccionar o **tipo de cordas**




CAPACITAMEX

# Cordas coletoras (II)

5. Escoller **a data** (aparecen os 5 días anteriores)




6. Indicar o **nº de cordas** e a **cantidade** e seleccionar **EXPEDIR**




7. Xa temos un **documento** que conten toda a información e que se pode descargar.




CAPACITAMEX

# Anulación

Pódese anular as declaracións durante as **3 horas** posteriores a expedición dos documentos:

- **Captura da semente en cordas coletoras**
- **Recollida en banco natural EN TEMPO REAL**
- **Recollida en banco natural PREVIA.** Neste tipo de declaración, cando a colleita sexa nun futuro, poderase anular a declaración ata que alcance a data de recolleita.

1. Seleccionar ANULAR




2. Seleccionar no listado a declaración que queramos anular e premer ANULAR




3. Documento anulado.




CAPACITAMEX

# Carné

1. Seleccionar
CONSULTA DE CARNÉ







Nome e apelidos da persoa usuaria.
DNI da persoa usuaria.

Código QR que contén a información do seu carné asociado a actividade de recollida de mexilla en bancos naturais do litoral.

Información dos establecementos nos que a persoa usuaria é **titular ou recolledor**

# Xestión de recolledores

Esta funcionalidade permite habilitar a determinados recolledores para a xestión da declaración de captación de mexilla en nome do titular das bateas.

Esta habilitación pode ser de xeito global, para todos os establecementos nos que participa como recolledor, ou de xeito específico unicamente para os establecementos seleccionados.

Deste xeito, o recolledor habilitado pode acceder á aplicación MOVTIC **coas súas credenciais de Chave365** e xestionar os documentos de captación de mexilla.

1. Seleccionar CONSULTA DE RECOLLEDORES




2. Seleccionar os recolledores e os establecementos autorizados para cada un marcando nos cadros.



# Informe de campañas

Esta funcionalidade permite consultar a relación de documentos e os kg asociados a cada un deles, así como visualizar os kg que levamos acumulados de cada establecemento o longo da campaña.

1. Seleccionar INFORME DE CAMPAÑAS




2. Podemos ver:




kg totais en cada establecemento.

Documento de captación de mexilla, ca data da expedición e os kg recollidos.

CAPACITAMEX

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MAR

Cofinanciado pola Unión Europea

# Se desexa máis información ou organizar un Obradoiro de CAPACITAMEX contacte con mblanco@cetmar.org .

Este documento foi creado polo persoal técnico do CETMAR, dentro do proxecto CAPACITAMEX, a xeito de resume das características e funcionalidades da aplicación MOVTIC para a declaración da captación de semente de mexillón (mexilla)

Versión de Novembro 2025

**Expediente financiado pola Unión Europea. Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura - FEMPA.**
**Mellora da gobernanza da acuicultura (Art. 26).**
**Porcentaxe de cofinanciamento 70% FEMPA – 30% Estado membro**

CAPACITAMEX

CETMAR
CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR